Quero ser investigadora

Universidade de Vigo

6



María Mayán Santos

Edición
Unidade de Cultura Científica e
da Innovación da Universidade de Vigo

Dirección
Mónica Valderrama Santomé

Revisión lingüística
Área de Normalización Lingüística
Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Impresión
Tórculo Artes Gráficas
Vigo, 2026

D.L.
VG 190-2026

ISBN
978-84-1188-103-6

Autora das ilustraciones de portada
Alba Casanova

© Universidade de Vigo

Coa colaboración da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT), Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades

María Mayán Santos

Nacín antes do previsto.
A miña nai tiña que estar nunha mesa electoral
para contar votos, pero eu cheguei ao mundo.

Sempre pensei que a miña vida comezou entre o
azar e a vontade.
Por iso, moitas cousas importantes non seguiron
o plan esperado.

De pequena era tranquila, sociable e estudosa.
Non me chamaban moito as ciencias, pero quería
entender como funcionan as cousas.

Quixen estudar Medicina
porque era o soño da miña nai.
Pero non conseguín a nota necesaria.
Meu pai propúxome estudar Farmacia.
Acepteino sen moita ilusión.

Co tempo, no laboratorio, entendín que
a ciencia non é ter todas as respostas.
É facer preguntas, insistir e non rendirse.

Traballei en centros de investigación importantes e
estiven en Santiago, Madrid e Londres.
Alí aprendín a investigar, pero tamén a dubidar
e a empezar de novo.

Volver a Galicia foi unha alegría e
tamén unha responsabilidade.

Dende decembro de 2023
traballo no Cinbio, en Vigo.

É un lugar esixente,
pero tamén moi positivo.
No CINBIO hai
xente nova con moito talento.

Que é o CINBIO

É un lugar onde traballan científicos e científicas. Estas persoas estudan e investigan para coñecer mellor a ciencia.

Que investigan?

- Os materiais moi pequenos (nanomateriais).
- A saúde e as enfermidades (biomedicina).

Para que serve o seu traballo?

- Crear novos medicamentos.
- Mellorar a saúde das persoas.
- Desenvolver novas tecnoloxías.

Resumo:

O CINBIO é un centro onde
se fai investigación científica
para mellorar a vida das persoas.

O meu traballo é como o dunha **detective paciente**.

Busco conexións que non se ven.

Isto axúdanos a entender enfermidades como o cancro ou a artrose.

Hai días difíciles, con erros e dúbidas.
Outros días, de repente,
aparece unha resposta.
Ese momento compensa todo o esforzo.

Buscar financiamento e traballar baixo presión é habitual no meu eido.
Tamén hai dificultades por ser muller, nova e líder.

Ser unha detective paciente significa neste caso:

- Estuda como funcionan as células no cancro e na artrose.
- Busca novas formas de detectar estas enfermidades.
- Desenvolve tratamentos máis efectivos e personalizados.
- O seu traballo busca mellorar a vida das persoas con enfermidades graves ou crónicas.



A maternidade fixo máis visibles
algunhas barreiras.
Aprendín a recoñecelas e a
non aceptalas como normais.

Tamén aprendín que é moi importante
ter apoio doutras persoas.

Na miña vida sempre
houbo mulleres importantes.

Creo que a ciencia
pode cambiar a sociedade.
Tamén pode mellorar as
condicións de traballo.

E pode ensinar ás nenas que poden ser
o que queiran.

Non todo depende de nós,
pero cada pequeno paso conta.



No meu día a día fago listas do
que teño que facer.
Escoito música mentres traballo.
Gústame colaborar con outras persoas.
Tamén viaxo a congresos e
aprendo ideas novas.

A ciencia non é un camiño solitario, aínda
que ás veces o pareza.

No futuro gustaríame
deixar algo importante como:

- coñecemento e persoas ben formadas.
- Investigadoras e investigadores
  críticos e xenerosos.
- E, se é posible, que ese coñecemento
  axude ás persoas enfermas.

É un camiño longo, pero sigo andando.

Universidade Vigo

Unidade de Cultura Científica
e da Innovación (UCC+i)

Vicerreitoría de Comunicación
e Relacións Institucionais

Coa colaboración de:

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES

FECYT
INNOVACIÓN